
BORDAXE!
revista anarquista pola
extensión da revolta

EDITORIAL

Érase unha vez un barco sen rumbo, todo de madeira, e no que ondeaba unha bandeira negra. Tripulado por ningures ao mando de ninguén, armado con raiba. Entre calmas e tempestades buscaba unha illa dende a que poder berrar e crear. Na sua travesía foron moitos os infortunios que se atoparon; había barcos enormes e acorazados que dominaban os mares, as costas eran cemiterios de peces mortos, velenos, lixo, fume e asfalto. Os barcos estaban capitaneados por seres grises que ao seu paso deixaban un regueiro de morte.

A tripulación do noso barco non se desanimaba, visto que todo era dominado por aqueles inmensos titanes, decidiron comezar a practicar a abordaxe para recuperar a vida. Acordaron facerse piratas.

Pero aquelas moles non eran tarefa fácil. Coa axuda doutros barcos piratas sería posible.

Gregos con ondas, mapuches con lanzas, somalíes con kalasnikov, navaleiros con tirabolas... e muito lume! En todas partes! Pequeno e grande!

Foron moitas as baixas, e numerosas as respostas. Os barcos grandes eran fortes, pero tamén tiñan fisuras e víanse cada vez máis, incluso pola sua propia tripulación que, afogada polas débedas, confiaba cada vez menos nos seus capitáns.

Dentro dos grandes buques a xente non vivía ben, traballaba remando en galeras para mover o barco, estaban cansos, as queixas e os soños silenciábanse co ruido dos látigos dos verdugos, clones uniformados e tristes. Pero non todos vivían adormecidos…


Os capitáns non podían consentir un motín a bordo e comezaron a impoñer cada vez máis reglas e normas que facían máis asfixiante a convivencia. Moitos, ante a decisión de "conmigo ou contra min" que lles impoñían os tiranos, aceptaron unirse a eles e seguir sumisos e ignorantes da súa condición de ser a engranaxe que mantinha o barco a flote.

Ainda así chegaban os ecos dxs piratas livres sen rumbo, e o contaxio produciu algún que outro motín. E foron moitos os que se revelaron e acabaron encerrados en pequenas gaiolas nas bodegas. Uns poucxs afortunadxs, conseguían fuxir ca esperanza de enrolarse nos barcos piratas para atacar con máis forza.

Hoxe en día as travesías continúan, acadando pequenas victorias, algúns dos prisioneiros son liberados, os non liberados continúan loitando apoiados polxs piratas. Nalgunhas costas crecen as hortas, espallando sementes… Este é o comezo dunha historia, eles seguen cargados de armas e nós de ideas. Levamos un mundo novo nos nosos corazóns.

Esta revista é unha desas ideas, que nós, algúns tolxs anarquistas de varias illas de Galicia que nos coordinamos e incordiamos, decidimos esgrimir contra o poder. Porque as cousas mudan, porque é hora de recuperar o control das nosas vidas que durante tanto tempo nos negaron, ou nos negamos nós mesmxs coa nosa servidume voluntaria. A lei e os cartos so teñen valor se nós llo outorgamos, sen a nosa credulidade solo serían papeis pintados. ¡Prendámoslles lume!

As abordaxes continúan.



Bugs Bunny



Non é casualidade que todo o que ten de revolucionaria e escandalosa a obra de Georg Wilhelm Friedrich Hegelsexa simbolizada, de modo excepcional –en vísperas da segunda masacre imperialista mundial-, por un pequeno e gris coelho que ten por nome un que encarna unha das resolucións dialécticas da contradicción: Bugs (mote dun famoso gángster), Bunny (case un sinónimo de amabilidade).

Mais o descendente irmán de Br'er Rabbit, Bugs Bunny (con antepasados como o excéntrico White Rabbit de Lewis Carrol e o psicótico March Hare) opón-se decididamente ao escravismo asalariado en todas as suas formas. A gusto, cunha modesta subsistencia na linde da fraga, só un buzón de correo no que está escrito Bugs Bunny Sq., indica o seu lugar de residencia. Além de maravilhosas aventuranzas ás que só unha rigurosa práctica da pereza pode conducir. A sua maior "vocación" consiste en roubar cenouras dun xardín dun tal Elmer Fudd e, nun sentido mais xeral, incordiar-lhe de todos os modos posiveis ao non parar de facer-lhe preguntas.

É imposivel reconhecer o xenio do maior coelho do mundo sen entender a Elmer, a este calvo lerdo, temperamental e tímido pequeno burgués, cun defecto na fala e que ten como principal actividade a de defender a sua propiedade privada. Elmer é a perfecta encarnación dunha certa tipoloxía moderna: o pequeno burócrata, o mediocre autoritario, sobrinho ou neto do Pai Ubú. Se os Ubús (Mussolini, Hitler, Stalin) dominaron o periodo de entreguerras, nos últimos trinta anos foron os Elmers os que dirixiron a nosa miseria. Elmers e máis Elmers na Casa Branca; Elmers nos comités centrais dos así chamados Partidos Comunistas; todos os Papas son Elmers; os novelistas de best-sellers son todos Elmers; Louis Aragon e Salvador Dalí, un día anti-Elmers, dexeneraron en dous dos peores Elmers entre todos os Elmers. Enfrontándose case en solitario a todos eles, Bugs Bunny, eríxese en verdadeiro símbolo dunha recalcitrancia irreductivel.

Se a coreografía Bunny/Elmer é o reflexo dun momento histórico paticular na luita de clases (un periodo de "simetría" de clases no que os traballadores de cualquer lugar apenas conseguen algunhas das suas demandas para a continuación ser de novo aprisionados nos seus buratos no chan), o mítico contido do seu drama excede, sen embargo, a limitación primeira das suas formas. A aparición no escenario da historia dun personaxe como Bugs Bunny é a proba de que un día os Elmers serán vencidos; de que un día todas as cenouras do mundo serán nosas.

Ata que chegue ese día, non pode unha imaxinarse milhor exemplo para ensinar aos nosos filhos que a esta atrevida criatura que, sobre as suas catro patas de coelho, eríxese en amuleto da boa sorte da revolta total. Encarándose con todos e cada un dos apoloxistas do *status quo*, Bugs Bunny ten sempre a última palabra: "Non creades que foi divertido, porque non o foi".

Franklin Rosemont

[extraido de ¿Qué hai de nuevo, viejo? Do Grupo Surrealista de Chicago, textos e declaracións do Movimento Surrealista dos Estados Unidos (1967-1999), Pepitas de Calabaza ed.]

VELAN POLA TUA SEGURIDADE, ARRISCAN A SUA VIDA POR TI...



Falsos ecoloxismos



Algumhas plataformas, asembleas, colectivos que din posicionarse a favor da liberación animal son mui críticos coa practica da acción directa fora da lei.
Segundo estas persoas, dabondo chega con repartir información, reivindicar "dereitos" para os animais, participar no pastel demócrata antropocentrista coa creación de partidos "animalistas", reformismo, pura compaixón cristiana ... Éstas son algumhas das actitudes que hoxe pretenden vivir a costa da luita pola liberación animal e debilitala. Os medios de comunicación criminalizan as accións fora da lei mentres as organizacions ecoloxistas que comen da man do estado adícanse a distorsionar a mensaxen destas.

Un dos argumentos que dan estas persoas é o de que os grupos que se adican á acción directa atacan exclusivamente á oferta de productos animais. Dende a acción legal se trata de concienciar ao demandante, de mudar os hábitos das persoas para que non consuman estes productos. Pero non basta con iso, hai que atacar con todas as nosas armas. Si se ataca á oferta, aumenta o prezo. Se aumenta o prezo, disminuen os clientes. Se disminuen os clientes, disminue a explotación animal. Cualquer pérdida económica d@s explotador@s tradúcese nun beneficio nas vidas das suas víctimas, os animais. Ademais está o exemplo de Inglaterra onde as tendas de peles disminuiron nos 80 ate que hoxe en día tan só ofrecen pequenos pelexos de peles nalgumha prenda. ¿Por que? Porque fíxose frecuente que activistas entraran durante o día nas peleteirías, pasando desapercibid@s entre os clientes, e colocaran pequenos artefactos incendiarios que se activaban pola noite. Por iso, apesares de que a demanda de Inglaterra siga sen estar “concienciada”, a oferta foi reducida enormemente, porque ainda que saben que é un negocio que ten clientes, pouc@s arriscan por abrir umha empresa que vai ser atacada constantemente.

Cuando xurde o debate sobre a violencia, hai quen soe invocar á opinión pública. Esa masa abstracta á que tod@s est@s element@s esquerdos@s pretenden agradar a cualquer prezo. A 'opinión pública' escandalízase ante os camions queimados e as granxas arruinadas. Mais tampouco é certo que nengumha destas accions estean dirixidas a convencer ás masas nen sequer son accions ecoloxistas, senon simplesmente accions pola liberación animal. Esquécense de que muitas das fotos e vídeos de tortura e experimentacion cara os animais-non human@s só poderían conseguirse ilegalmente. Echenos o mesmo que á opinión pública lle pareza mal, porque se trata del@s, @s nos@s companheir@s non-human@s que morren nun auswitchz diario para alimentar, vestir e ponher guapa a esa opinion pública… ¡Que lles jodan!
Non temos por que renunciar á propaganda e á difusión, pero tampouco podemos agardar a que tod@s estean da nosa parte para ir a por todas; nen deixar que os animais se pudran nas suas gaiolas, somentes porque está mal visto transgredir as leis.
Quenes duvidan da utilidade das liberacions din que fechando un laboratorio o único que conseguen é que se abra outro.

Os experimentos se seguirían facendo pero en sitios distintos. Non é certo. @s propi@s vivisector@s cren que a maioría dos seus experimentos non serven para nada. Case todos eles foron realizados xa antes e poden atopar o resultado antes de empezar o experimento. Só son ardides burocráticas co único fin de xustificar o salario d@ vivisector@. Por exemplo, numha universidade privada de Madrid @s estudantes de farmacia fan umha práctica con ratas todos os anos. Durante un mes danlle sustancias tóxicas e transcurrido ese tempo lle cortan o rabo dende a base. Analízano e buscan nel as sustancias tóxicas antes administradas. A práctica, por suposto, é absolutamente prescindible. De feito só se fai nesa universidade.
Reventarlle o coche ao profesor e explicarlle que o próximo será el, é un metodo atractivo pola sua efectividade e ademais ecoloxista. O profesor, consciente de que esa práctica é prescindible e se pode sustituír por outra, probablemente a suprima para sempre do programa.

Durante os últimos anos en Galiza por exemplo presenciáronse numerosas liberacions de visons e seu conseguinte debate. Os argumentos en contra destas son contradictorios e na maioría dos casos sacados do "informativo" sensacionalista de turno. Muita xente dixo que os visons provocarían umha masacre nos

bosques que rodean as granxas, que arrasaría con todo ao seu paso. Incluso atrevéronse a botarlles a culpa de facer desaparecer ao visón europeo. Tonterías. Dende fai centos de anos, a industria peleteira matou visons europeos, para facer prendas de vestir de luxo, provocando un grave descenso da povoación e deixándo-os ao borde da extinción, así como @s cazador@s que, por mera diversión, remataron con povoacions enteiras de predadores. Podería darse o caso de que un visón liberado ocupara o lugar do predador extinguido. De feito existen pequenas povoacions libres de visón americano dende os 70, muito antes da primeira liberación (uns 30 anos antes). Estas povoacions proceden de escapes fortuitos de granxas, incluso granxeir@s arruinad@s que soltan aos animais para non ter que alimentalos.
A industria peleteira e os seus clientes son @s únicos responsables de sacar aos visons do seu hábitat, privarlles de liberdade e introducilos nos ecosistemas da Península Ibérica. Pero ainda co hipotético impacto ambiental que supon as liberacions de visons, incluso se isto fora certo, seguimos defendéndoas. Nengún animal debe estar engaiolado, apesares de que a sua posible liberación supuxera un impacto ambiental. Igual que nos oponhemos rotundamente a que se encerrara numha gaiola a un human@ porque na sua vida cotidiana crea un impacto no medio ambiente muito maior que o dun visón. Non hai especie que estea causando maior impacto nos ecosistemas do planeta que a humana.

(extraído de alasbarricadas.org)

RECETA DE UN FÁRMACO
ENCONTRADO NUN MONASTERIO BUDISTA NAS MONTAÑAS DO TIBET.

Preparación: Meter nun tarro de cristal 350 gramos de allos triturados xunto con ¼ de litro de augardente. O tarro féchase herméticamente e métese na neveira durante 10 días. Despois deste tempo fíltrase cun colador fino de gasa. De novo métese no tarro e lévase de novo á neveira durante outros dous días. Pasados estos o fármaco xa está preparado para tomar da siguiente maneira.

Posología:

DIA	ALMORZO	COMIDA	CEA
1	1 gota	2 gotas	3 gotas
2	4	5	6
3	7	8	9
4	10	11	12
5	13	14	15
6	16	17	18
7	12	11	10
8	9	8	7
9	6	5	4
10	3	2	1
11	15	25	25
12	25	25	25



Continúase tomando 25 gotas tres veces ao día ata rematar o fármaco. A terapia non pode repetirse antes de 5 anos.

Indicacións *[segundo o escrito tibetano, que cada qual sae as suas propias conclusións]*:

- Este preparado de extracto de allo limpa o organismo das grasas e o libera dos cálculos depositarios.
- Mellora o metabolismo e, en consecuencia, todos os vasos sanguíneos fanse elásticos. Disminúe o peso corporal levándoo á súa situación normal, desfai os coágulos de sangue, cura o diafragma e o miocardio enfermo.
- Cura a arterioesclerosis, a iscemia, a sinusite, a hispertensión, as enfermidades bronco pulmonares, fai desaparecer por completo a dor de cabeza. Cura a trombosis de cerebro, a artrite, a artrose e o reumatismo.
- Cura a gastrite; as úlceras de estómago e as hemorroides, absorbe todo tipo de tumores internos e externos. Cura os disturbios da vista e o ouvido.
- Todo o organismo se recupera.

Nubes azules en un cielo negro

La noche tan fría
como el invierno,
cría criaturas de
brillantes vestimentas.
La mas inolvidable es
la   LUNA , ella lleva
un largo y brillante
vestido blanco .
Las estrellas como
inertes criaturas ,
duermen de día
como vampiros y
murciélagos.
No como la
Luna, ella sale
a media puesta
del sol cuando
las nubes se
comvierten en
algodon de azucar
rosado y el cielo
del color del azul del
mar.
la luna como farolillo
a media noche alumbra
el camino hacia el abismo
de nuestras penas.
La luna como farolillo
alumbra la penumbra
del corazón.

Area Botana Díaz. 10 años. Santiago.




LOITA DO POBO MAPUCHE

Dende a Conquista ate a República, o Estado Nacional desenrolou políticas para someter ás diferentes etnias á cultura e ao ordenamento dominante. Coma no caso mapuche, un grupo humán habitante dun extenso territorio dentro do que pasou a denominarse Chile, cunha organización política e social, cunha lingua e unha relixión. En definitiva unha cultura e unha cosmovisión que plantexa unha comprensión particular das relacións entre as persoas e destas coa natureza e cos bens. Este pobo foi sometido por accións brutais de tipo militar, o seu fin era protexer a usurpación das terras que foron a orixe da propiedade agrícola na Araucanía.

Esta historia de despoxo tivo un atisbo de cambio durante a "reforma agraria" (1962-1973) dos gobernos de Frei e Allende, pero despois do Golpe de Estado, foi revertida. A partires de 1973 iníciase un forte proceso de contra-reforma agraria destinado a impulsar un novo patrón de acumulación na agricultura chilena. Dentro dos seus obxectivos, pretendeu incorporar ao mercado a totalidade das terras, incluídas aquelas de propiedade mapuche. O saldo desta represión étnica diu como resultado a eliminación física de 137 mapuches; entre torturados, fusilados e detidos desaparecidos. Aínda que estímase un número maior, pois moitas familias mapuches nunca denunciaron a detención dos seus familiares por medo ás represalias.

A industria forestal –patrocinada polo Estado- constitúe unha amenaza para a ecoloxía e cultura da relixión. Hoxe as plantacións comerciais de piñeiros e eucaliptos ameazan a flora e fauna autóctonas, ademáis de contamina-la auga e provocar períodos de escasez que impiden o cultivo de outras colleitas. Algúns grupos mapuches recurriron as protestas contra elo, queimando camións e bosques das forestais, polo que son severamente castigados baixo a lexislación "antiterrorista" da era Pinochet, con condeas a prisión de entre dez anos e un día.

No 2003, un mozo mapuche chamado Alex Lemun foi asasinado por un comandante de policia que hoxe en día non só segue en activo, senón que foi ascendido. En Xaneiro do 2008, un policia matou a outro mozo mapuche –Matías Catrileo- cando participaba nunha recuperación de terreos do terratenente, Jorge Luchsninger o que sostuvo "El indio no ha trabajado nunca. El mapuche es un depredador, vive de la naturaleza, no tiene capacidad intelectual, no tiene voluntad, no tiene medios económicos, no tiene insumos, no tiene nada [...]. Entregándoles tierras no van a dejar de ser miserables. ¿Ha visto los campos que les entrega la Conadi? No queda nada, ni un árbol, no producen nada". "Si hay que sacarlos a balazos, se los saca no más". O asasino segue en liberdade.

Maio do 2007, a policia mata a Rodrigo Cisternas, un empleado da empresa forestal Bosques Arauco, que loitaba por mellores salarios.

Cando a compañía forestal Mininco ameazou no 2005, con destruir un dos sitios ceremoniais dos mapuches, contrataron a unha empresa de seguridade privada para enfrentarse aos manifestantes, estes guardiáns non tiveron nengún reparon en atropelar a un manifestante de 15 anos de idade, Zenen Diaz Necul

Na actualidade, as comunidades mapuches vense hostigadas pola forza policial e polas empresas de seguridade privadas, de tintes paramilitares, e viven como se estiveran baixo a lei marcial, imposta polas forestais en connivencia co Estado. Algunhas destas compañías e fundos son: CMPC –Mininco (grupo Matte) Arauco- Celco (grupo Angelini), Bosques Arauco y Bio Bio, Forestales Santa Ana Ltda, Fundo Poluco Pidenco de la Comuna Ercilla, Las Tejas, El Manzanito, Llanos de Charrua, Unihue, por nomear tan só algunhas.

Unha morte en acción é un chamado
eterno a loitar…

MARICHIWEU

+info: .mapuexpress.net

VENDAVAL ANARQUISTA NO BENETTON DE LUGO

UN GRUPO DE DISFRAZADXS VISITOU A TARDE DO LUNS DE ENTROIDO UNHA DAS FRANQUICIAS DE BENETTON EN LUGO. EN VINGANZA CONTRA UNHA DAS MULTINACIONAIS RESPONSABLES DA EXPLOTACIÓN E REPRESIÓN DO POVO MAPUCHE EN CHILE, DESTROZOUSE O INTERIOR DO LOCAL E A SUA ROUPA FOI ROCIADA CON SPRAY. EN POUCOS SEGUNDOS, ORDENADORES, CRISTALEIRAS, XUNTO COAS PRENDAS, PERCHEIROS E ALARMAS ANTIROUBO QUEDARON ESTRAGADOS.

"MARICHIWUEU" ('CEN VECES VENCEREMOS' EN MAPUCHE) E UN A CIRCULADO FOI A MENSAXE GRAFITEADA QUE DEIXARON...

EXTRAÍDO DE: GALIZA.INDYMEDIA.ORG




ALGÚNS APUNTES SOBRE ANARQUISMO NA GALIZA (na actualidade)

Nunca sentimos tanta necessidade, como no momento actual, de falar sobre as encruzilhadas que se dam dentro do seio da luta anarquista. Vivemos momentos na que a análise teórica aplicada ao presente brilha pola sua ausência, a excepçom (e isto é ainda mais triste) de anarquistas de café, que mostram a ousadia da crítica cara a posta em práctica dumha guerra social que nom se ve desde o salom da sua casa. Muitas personagens, de duvidosa trajectória, quigerom falar de episódios recens do "mundo anárquico" galego sem te-los vivido de primeira mão. Temos claro que a polémica está desatada, assim pois imos esboçar a nossa visom sobre alguns feitos que cremos relevantes na andaina do anarquismo galego neste jovem século XXI.

Algo que nom nos parece umha época dourada pero somos conscientes de que deu algum froito interesante, fora a "Xuntanza Libertaria" (coordinaçom de grupos anarquistas galegos). A "Xuntanza" sempre foi rejeitada pola C.N.T. que negava-se a participar argumentando a presência da C.G.T. , pese a que muitos dos seus membros si participavam em qualidade de sócios dos ateneos polo interés (cremos) de controlar a assembleia, dado que esta era um reflexo de gram parte das distintas tendências anarquistas.
A outra anarcosindical, a CGT instrumentalizava a "Xuntanza" para intentar um achegamento à C.N.T e acadar umha maquillagem mais radical, mas quando comprovarom que a "Xuntanza" nom lhes valia para isto, nom duvidarom em abandona-la. Quem si sacara partido desta embrulhada de intereses fora a Cruz Negra Anarquista, quem conseguira apoio para companheiros presos (especialmente para Xosé Tarrio) que se traduzira tanto económica como legalmente e a pé de rua.

O resto de colectivos conseguiram um achegamento entre eles, algo positivo que nom se daba desde anos atrás. Alguns consideram o cúlmen desta época, a movilizaçom contra a cimeira de ministros da Uniom Europeia, realizada em Santiago em fevereiro de 2002. Parece mentira que se lhe dera tal consideraçom; pois o aguardado enfrontamento baseara-se num curto passeio por um par de ruas da capital galega, cercada por 4000 agentes da lei, o duplo que manifestantes.
Infiltraçons jornalísticas , algumhas detençons, e a tradiçonal "carreira de siglas" dos anarcosindicatos [1] foram froitas podridas que os libertários se viram obrigados a recolher. O que si valoramos como algo bo foi o encontro entre tantos companheiros da Galiza e do estado português, as jornadas de convivência vividas e o poder comprovar que éramos tantos.
Entendemos a experiência desta coordenaçom libertária como o ponto álgido do unionismo das diferentes sensibilidades do anarquismo galego na história recente, nom por isto consideramo-la a experiência organizativa mais efectiva vivida desde entom, mas si servira para poder fazer umha leitura das intençons que tinha cada tendência.

Tras a vivência da "Xuntanza" com diversas actividades ao seu passo e umha amálgama de ateneos [2], colectivos e centros sociais, boa parte do, por aquel entom, anarquismo "específico", concretamente os colectivos "Oveja Negra" e "Fende na Laje" de A Corunha e Compostela respectivamente, viviram umha ruptura com a sua trajectória e os seus próprios postulados. Talvez, por que nom dize-lo, um certo romanticismo (muitas vezes exagerado), próprio da idade dos protagonistas dessa ruptura, que jogara um papel importante na nova

Temos claro que a polémica está desatada, assim pois imos esboçar a nossa visom sobre alguns feitos que cremos relevantes na andaina do anarquismo galego neste jovem século XXI.

Fechando o capítulo da F.A.G., temos que dizer que ésta se auto-liquidou por diversas razons pero principalmente por desconfiança a criar organizaçom que perdurase no tempo, ou seja, por temor ao anquilosamento dumha estructura federalista fija.

etapa da busca de horizontes mais palpáveis que os até entom saboreados por estes indivíduos anárquicos. Assim se vira expressado por eles mesmos no comunicado de criaçom da F.A.G., que versava "Somos demasiado jovens, nom podemos esperar mais".

Quiçá também o sentimento de traiçom fosse um dos catalisadores que os empurrou a umha busca de maior autonomia e dum caminho a percorrer a margem do sindicato[3], até entoms considerado umha organizaçom irmã e a partir de entom todo o contrário.

Assim começou a Federaçom Anarquista Galega, num momento de declive dos colectivos e de perda de infraestuctura (locais de “Oveja” e “Fende”). Um projecto que pecou de pretensioso começando umha fugida cara diante das formas e relaçons adoptadas até aquel entom, restando



a importância dum trabalho mais local. Á federaçom esperava-lhe um percorrido de curto caminho pero de longa aprendizagem, salvando as suas contradiçons internas; alimentadas polo problema histórico da falha de referentes que nom se limitaram a modélos organizativos de massas ou sindicais em contraposiçom a umha teoria insurreiçonalista que ao final demostrou ser malentendida por muita gente.

No tocante à práctica, se por umha banda seguiam acumulando erros do passado (espectacularidade, pantomimas cíclicas carentes de efectividade), nalguns casos forom quem de saltar os límites normais e legais desenvolvendose com umha natural originalidade.

Opinamos que a espontaneidade que tanto practicara esta gente desde os seus inícios, dotaralhes dumha forte capacidade de improvisaçom, um ejemplo delo forom actos como o 1 de maio em 2006, englobado numhas jornadas contra o trabalho que se convertira na única mostra de enfrontamento, em contraposiçom a descafeinadas movilizaçons dos sindicatos, anarquistas ou nom.

No ambiente que rodeava às lutas antiautoritárias começava a subir a temperatura, conflictos como o desalojamento do colectivo “Fende na Laje”, a solidariedade activa com os detidos em Tesalónica em greve de fome ou o apoio a numerosas campanhas anti-repressivas, mostrarom ejemplos dumha praxe aletargada polos anti-autoritários desde fazia anos na Galiza. [4]

De 2 anos de actividade da F.A.G. podemos recordar as jornadas contra o trabalho, as campanhas anti-eleitorais e contra a constituiçom europeia, a campanha em solidariedade com o detido Sergio L.D. além do seu vozeiro anual “A Voz Sem Amo”.

O mesmo ano de criaçom da F.A.G.(2005), a C.N.A. de Compostela decidira auto-disolverse depois de seis anos, já que entendiam que a F.A.G. podia cobrir a finalidade anti-repressiva que este grupo levara a cabo e pola firme crença de que nom se tratava de momentos nos que perder o tempo nem cair na especializaçom; é o tópico estratégico marxista de criar mais siglas que pessoas.

Fechando o capítulo da F.A.G., temos que dizer que ésta se auto-liquidou por diversas razons pero principalmente por desconfiança a criar or-

ganizaçom que perdurase no tempo, ou seja, por temor ao anquilosamento dumha estructura federalista fija. Temor a que deixara de ser umha ferramenta para se converter num fim em si mesmo.
Tras os precedentes históricos doutras federaçons libertárias e a auto-analise practicada nesse momento, os membros da federaçom decidirom que nom era isso o que queriam.

Noutro processo, entanto, atopava-se “Unión Libertaria”, colectivo ferrolá que buscava a uniom das dois centrais sindicais (CNT-CGT) [5] com o resto de colectivos e "volver criar algo parecido à “Xuntanza Libertaria", razom de peso pola que se mantivo totalmente à margem da federaçom.
Além de todas as actividades a nível local, o projecto mais destacado da U.L. foi o periódico *Marea Negra*, umha publicaçom que pretendia erigir-se como a expresom escrita do conjunto das libertárias galegas; desejo que nunca acadou, transformándo-se num espelhismo desta saudade, ao se converter no vozeiro particular do á mais legalista e apaga lumes.
Esta crítica está fundada em evidências como a de silenciar notícias que nom entravam na legalidade, chegando a ignora-las e, em muitos casos, direitamente a desqualifica-las [6].
Afortunadamente naide respondeu a estas provocaçons, o que suponheria abrir um debate que só ia conseguir fazer-lhe o jogo ao estado, diferenciando entre anarquistas bons e maus.

O que si demostrarom os gestores deste jornal foi umha forte capacidade de trabalho, mantendo umha tiragem de miles de ejemplares dumha forma periódica e constante, quiçás demasiado pretensiosa como para ser gerida por umha soa localidade.
Nom temos do tudo claro quais forom os motivos da morte deste periódico, haveria que lhe perguntar a quem o matarom. Ainda que, como o antes esboçado, fai-nos avistar que a falha de implicaçom doutras localidades ailhou o boletim que sacrificava a pluralidade de pensamento das distintas tendências anarquistas em pós de um unionismo tradiçonal que descansava na cómoda alcova do, e que, fugindo dumha necessária fricçom, nunca foi quem de sacar algo em limpo no campo da práctica.
Finalmente, a castraçom da mensagem mais ilegalista, levou à publicaçom a umha ambiguidade descafeínada e infumável para algumhas das suas leitoras, que poideram ter sido colabouradoras em potência.

Pese que nos seus comunicados nom param de fazer referência ao seu crecemento quantitativo, sabido é que este está totalmente ligado a sua medra patrimonial, engordado polas arcas do estado.

Outra explicaçom possível para a desapariçom do *Marea Negra* é o câmbio de rumo adoptado polos activistas ferroláns, que tomarom a decisom de verquer as suas forças na criaçom dum núcleo confederal da CNT para assim, quiçás, chegar a influir algum dia no sindicato guiándo-lo a umha postura de concórdia com o resto de organizaçons anárquicas; algo difícil, por nom dizer imposível, observando o ambiente de discórdia entre uns e outros e o control do sindicato por parte de clans familiares.



Variando a mirada cara os anarco-sindicatos, podemos ver que o estado actual da confederaçom galaica da C.N.T. e a sua má relaçom com os grupos específicamente anarquistas, pode explicar-se fazendo leitura dumha série de erros e desmáns

Si hay huellas de fregona en tu piel, es que alguien te ama.



Esos callos en las manos no son sino un reflejo de vuestro amor.
Porque su recuerdo persiste, mientras él no está en casa.
Esa fregona que te regaló hace que le tengas presente.
No sólo a él, sino a toda su familia.
Y en el mango, una inscripción, promesa de un futuro esperanzador:

"HOY FRIEGO MÁS QUE AYER, PERO MENOS QUE MAÑANA"

REGALAR FREGONAS ES REGALAR SENTIMIENTOS

cometidos no seu passado mais recém; erros que pagam a dia de hoje e, probávelmente, continuarám pagando entanto existam.

Pese que nos seus comunicados nom param de fazer referência ao seu crecemento quantitativo, sabido é que este está totalmente ligado a sua medra patrimonial, engordado polas arcas do estado.
Envoltos numha mitologia quase religiosa, velam polas siglas dentro dos seus locais, nos que adoram ao púlpito do á mais reformista da central, vangloriando a personagens como Villaverde ou Federica Montseny, intentando obviar um passado obscuro que tivo nom pouca responsabilidade no achandamento da revoluçom social de 1936, feita em grande parte por umha base que foi traiçonada, como demostrarom os feitos acontecidos em maio do 37; feitos dos que nom falam os historiadores "oficiais" do anarco-sindicalismo. Paradoxalmente, estes paladins da mal chamada "memória histórica", junto a outros abandeirados do oportunismo político (republicáns, social-demócratas…), nom duvidarom em legitimar leis governamentais destinadas a fechar velhas feridas que ensujam a imagem democrática da monarquia continuista, a cambeo dum património que, em todo caso, nom lhes corresponde a eles, -funcionários do estado na sua maioria-, senom a todas as pessoas que entregarom as suas vidas pola anarquia.
A diferência dos oficialmente considerados como historiadores do anarco-sindicalismo, quem reduzem a história como cabeça de jíbaro para encerrá-la num museu, nós compreendemos a história como um arsenal do que devemos armar-nós para nom repetir os erros do passado e construir umha postura ofensiva que poida levar-nos mais lá do conservadurismo, baseado numha resistência que pouco tem de transgressora. Sabemos que isto tristemente nom é nada novo.
Purgando e renunciando progressivamente ao anarquismo nos últimos anos, estám embarcados num sindicalismo estéril que nem na sua opçom mais practicada (a secçom sindical) nem na sua débil participaçom nos conflictos laborais, ajuda-lhes a plantejar umha alternativa sólida ao sindicalismo amarelo. O que eles entendem por "tomar a rua" resume-se numha série de concentraçons, que mais que aportar solidariedade efectiva som umha exibiçom de debilidade ante os seus rivais e a sociedade. Algo que nom vemos como umha forma moi efectiva para conseguir a sua tam ansiada interlocuçom entre as lutas sociais e o estado.



A acçom direita é inexistente, algo que nom nos estranha ao comprovar o extracto social do que provenhem estes indivíduos que controlam a organizaçom. Estám demonstrando que quém vive das oficinas dos julgados ou dos despachos universitários nom tem interés em morder a mão que lhe da de comer.
Todo isto com liberados ou sem eles, com subvençons ou sem elas, pode-se traduzir em duas palavras: sindicalocrácia frustrada. Estas lousas ideológicas empurrarom à C.N.T. nom só à renúncia do anarquismo, senom ao planeamento dumha alternativa sindical, rança, seca, que leva-lhes a cair no escaparatismo político, que encontram em plataformas como *Nunca Máis*, *Nom á guerra* e esse tipo de diques de conteçom. Polo tanto, e vala a redundância, a desorientaçom ideológica e táctica da C.N.T. provoca que estes nom fagam nem sindicalismo nem anarquismo, senom política frontista de segunda divissom.

Fiando este passado recente com a actualidade, e pese que há tantos anarquismos como anarquistas, poderia-se dizer que existem tres linhas de actuaçom entre os libertários galegos que fam-se notar de forma mais patente que outras: a anarco-sindical, a específica e a unionista.

Do papel da C.G.T. dentro do movimento libertário galego há moi pouco que dizer, dado que fica reduzido a umha mera anécdota sucedida a princípios de década, ao tratar um achegamento á C.N.T., mediante a “Xuntanza”, se bem valoramos muito o apoio a Xosé Tarrío, olvidado até a sua morte pola C.N.T. [7]
Actualmente, empenha umha laboura meramente sindical a nível galego e com moi pouca implantaçom, agás na província de Ponte-vedra. Sempre quijo ser a terceira força sindical, para elo pagou o preço de apresentar-se às eleiçons ou receber subvençons, aceitando ser um sindicato mais, feito que nom lhe reportou demasiada representatividade, por isso entendemos que nos seus momentos de deriva observe com olhos "gulosos" de unidade à C.N.T.

Fiando este passado recente com a actualidade, e pese que há tantos anarquismos como anarquistas, poderia-se dizer que existem tres linhas de actuaçom entre os libertários galegos que fam-se notar de forma mais patente que outras: a anarco-sindical, a específica e a unionista.

Na primeira, onde o elemento obreiro, salvo honrosas excepçons, brilha pola sua ausência; o funcionariado e os estudantes componhem a sindicalocrácia, salvaguardando o conservadurismo metodológico da organizaçom.
Poida que como resultado das novas infra-estuturas das que goza o sindicato, este medre em afiliaçom, ainda que, a seu tempo, vemo-lo complicado se este nom se desprende do pesado dogma histórico que o aplana e que o convirte em gueto, o que fai possível o control ideológico nas mãos dumha minoria intelectualista.

A tendência específica parece que começa a encontrar uns referentes distintos que repercutem na práctica actual. Assim os ejemplos da luta anarquista em países como Grécia, Chile ou México, activam por "contágio" as anarquistas dándo-lhes novas armas e reforçando posturas insurreiçonais que pareciam desinfladas nos últimos anos.
Estes novos espelhos fam que esta linha se retroalimente dumha agitada actividade, pero que nom recolhe muitos frutos, ao usar as armas de maneira caótica e pouco constante, provocando como resultado umha falha de efectividade que à postre resulta perigosa.
Sem cair na já clássica paranoia paralisante, devemos como sempre advogar pola autogestom, empeçando pola autogestom da nossa seguridade.
Além, para incidir no social é essencial recuperar os canais de comunicaçom e a infra-estrutura, em quanto a locais, que sejam necessários. Se relegas a comunicaçom à actividade puramente mediática, entregas a tua voz ao inimigo e perdes quanto te conecta com o real.

Protagonismos, personalismos, amiguismos e runruns que propiciam a acumulaçom de corrilhos mais próprios de pátio de instituto que de entornos dumha luta real.

Se bem podemos dizer que a luta específica cobra madureza devido aos seus contínuos

cobra madureza devido aos seus contínuos vaivens, ésta contrasta com a acumulaçom de certos roles infantis: protagonismos, personalismos, amiguismos e runruns que propiciam a acumulaçom de corrilhos mais próprios de pátio de instituto que de entornos dumha luta real.

A tendência unionista representada sobre todo polos companheiros de Ferrol, deu no presente um giro de 180º cara a anarco-sindical, sendo fagocitada por esta. Neste processo se afasta cada vez mais dumha linha específica, assumindo umha postura conservadora na faceta ofensiva da luta; utilizando entre as suas principais ferramentas, um frontismo que nom pode lograr sair-se dos canons legais e que eles entendem como efectivo polo feito de que crem aportar a "voz" anárquica a todos os espectros da vida política e social galega, sem reparar em que esta pode ser umha estrategia perigosa que os leve a "hipotecar" a sua própria ideologia mediante a canalizaçom das forças numha estrutura centralizada que, identificando um objectivo comum, termina por impor posiçonamentos no campo das práticas, é dizer, homogeneizar as forças mediante a conhecida "unidade estratégica".
Misturándo-se com a clase política esquerdosa da pior ralé nalgumhas movilizaçons, mas também sabendo desmarcar-se desta em casos concretos como na luta contra a planta de gas de Reganosa na comarca de Ferrol-terra, isto reflexa umha potente e paradóxica dupla moral para alguém que se define como inimigo da autoridade. O que lhe leva a crer que a luta anti-autoritária resume-se em criar organizaçom e menosprezar outras experiências organizativas que demostrarom ter muita mais bagagem na faceta ofensiva (acçons, ocupaçons, enfrontamentos com as forças da ordem...).



Este artículo nom pretende apresentar nengumha alternativa, além de que quem o escrevemos da-nós bastante igual que criais que peca de soberbo.
Poida que seja polémico pois nasceu da indignaçom.
Tam só queremos sinalar os síntomas que cremos dever paliar para seguir melhorando e configurar umha luta real.
Avistamos que o básico para poder começar um melhor entendemento se passa pola criaçom de círculos nom virtuais para o debate interno. Parece-nós fundamental, mesmamente, coidar a empatia pessoal e a convivência entre distintas tendências, matizando e compreendendo que algumhas som irreconciliáveis.
Devemos potenciar os nexos comuns, mediante a afinidade práctica; devemos também anular as expressons que, de cotio, atentam contra esta afinidade e nom respeitam as inquietudes das diversas individualidades que nom deixam de ser umha suma enriquecedora para as lutas.
Nom concebemos umha uniom vazia de contidos, nem um guetismo excluinte de toda bocanhada de ar fresco.
Devemos coordenar-nós sempre em torno a umhas propostas ou necessidades prévias. Juntos pero nom revoltos, destruindo dogmas e tecindo laços.

NOTAS:
[1]-"a carreira de siglas" da que falamos corresponde com os seguintes feitos: a C.N.T. convocara umha rápida rolda de imprensa onde atribuiram-se a organizaçom e convocatória de todos os actos, levados a cabo issos dias polo conjunto dos anarquistas coordinados na Xuntanza Libertária. Isto levou consigo um forte e lógico enfado por parte de muitos companheiros, especialmente pola C.G.T.

lógico enfado por parte de muitos companheiros, especialmente pola C.G.T.

[2]-Queremos fazer finca-pé na valiosa laboura pedagógica e cultural dos Ateneos (desaparecidos no primeiro lustro deste novo século), que forom, sem dúvida algumha, o germe dos colectivos específicamente anarquistas, quanto menos no caso de "Fende Na Laje" e "Unión Libertaria".

[3]-Vários conflitos (que mereceriam um artículo para cada) forom os desencadenantes da ruptura entre a C.N.T. e a via específicamente anarquista. O atráco de Córdoba onde forom detidos vários companheiros expropriadores italianos foi um precedente de ruptura para todo o estado espanhol, onde a C.N.T., nom só desligou-se da solidariedade com estes companheiros, senom que atreveu-se a qualifica-los de ladrons, assassinos e terroristas que se amparavam no anarquismo para conseguir desse modo apoio social; todo elo bem redigido em periódicos burgueses da ralé de *El País*.
No caso da Galiza, a raiz da expulsom da C.N.A. dos seus locais dumha forma rasteira e piramidal que os autores deste artículo presenciamos com os nossos próprios olhos. Desde Madrid chamou-se ao secretário de C.N.T. Galiza, este chamou ao de Compostela, quem levou a cabo a ordem, gostosamente sem mediar com a assembleia, num momento no que grande parte dos afiliados estavam fora da cidade. Sorprendente fora que nengum membro da C.N.T. pugera o grito no ceu, pero mais sorprendente fora ainda que a reacçom mais agitada fosse por parte dos membros de "Fende na Laje" e nom pola própria C.N.A., com um par de honrosas excepçons. Digamos que a ruptura estoupou em Santiago e extendeu-se ao resto da Galiza; a partir de ai, a má relaçom entre C.N.T. e *Fende Na Laje* foi "in crescendo" até o ponto de que quando o colectivo santiaguês estava numha assembleia de urgência tratando o tipo de relaçom que se ia dar com a C.N.T. (nengumha), o secretário do sindicato irrumpira na assembleia provocando e berrando aos lá presentes. Dias depois o mesmo secretário agrediu com umha punhada a umha companheira deste colectivo (algo que lhe costou umhas hóstias).
Também num mitim do primeiro de maio atreverom-se a insultar de novo à linha insurrecçonal do anarquismo. Nom contentes com isto, prestarom informaçom direita à imobiliária culpável do desalojamento do centro social *Fende Na Laje*; assim o demostrou o promotor de URBAN Andrés Egibar, mostrando umha carta do secretário da C.N.T. Compostela a companheiros de *Fende na Laje,* que a dia de hoje temos conseguido e temos nas nossas mãos, dado que o sindicato tinha umha boa relaçom com a imobiliária que, si se perjudicava salpicaría também ao seu local.
O s.o.v. de C.N.T. Compostela estava e continua a estar dominado por um clam familiar vido do nacionalismo mais estalinista e reacçonário, duas dessas pessoas foram liberados da U.P.G. e abandonarom-na quando esta retirara-lhes o salário (entroutras coisas). Para entender melhor istos conflitos cremos que é a melhor maneira, e recomendamos encarecidamente, que se lhes pergunte aos seus protagonistas, pois para explicar-vos por escrito haveria que fazer um artículo aparte.
No ano 2006 as cristaleiras do local de C.N.T. Santiago forom reventadas, os anarco-sindicalistas achacarom este ataque aos antíguos componhentes de *Fende Na Laje*, na altura membros da FAG.

[4]-arredor de muitas destas campanhas, apreciou-se um rexurdimento da acçom direita.

[5]-Assim afirmaram dous membros em representaçom de Unión Libertária numha das reunions prévias à criaçom da FAG, única reuniom à que acudiriam.

[6]-várias forom as notícias e articulos enviados por companheiros dumha linha mais insurrecçonal, que nunca virom a luz em *Marea Negra,* em contraste com numerosos textos legalistas e demócratas que os críticavam e si eram publicados.

[7]-Queremos matizar que a C.G.T. galega é a única da sua confederaçom em todo o estado espanhol que nom tem liberados sindicais. E pensamos que a tendência mais libertária do sindicato que propiciara o apoio a Tarrío e a participaçom em a *Xuntanza* debilitou-se com a morte prematura de Miguel Carballido, máximo representante desta linha e secretário da C.G.T. Galiza por aquel entom.

[publicado en abordaxerevista.blogspot.com]





...coas botas postas

de JOSÉ ORTIZ ©












FIN

VAFANCU
VAFANCULO



ivimos nunha época na ke parece ke o capitalismo está enfermo. Parece ke entre a crise capitalista e a teoría de ke o mundo remata no 2010, ke a tanto paranoico está convencendo, as prediccións apocalípticas de Nostradamus sobre a fin do mundo, andan preto…


Nada máis lonxe da realidade o do fin do mundo, ken keira facerlle caso, alá elx. Neste artigo centrareime no tema ke lle quita o sono as miles de currelas ke ven como o ritmo de vida ke levaban fai uns anos, e insostíbel.

Parece ke a poboación do Primeiro Mundo creíase o “conto da leiteira”, e agora danse conta de ke tropezaron e o cántaro veuse ao chan. Na nosa terra a poboación perdeu a memoria histórica, xa ke ninguén lembra a vida ke se levaba na maior parte do s.XX. Aquello sí ke era unha crise económica na ke a maioría das familias so tiñan para comer caldo e pouco máis. Crise cultural na que o noso idioma estaba toalmente marxinado e o ocio era unha palabra descoñecida nestas terras. E crise social, onde as relacións sociais eran simplemente a túa familia e pouco máis. Ises anos sí ke eran duros.

O ke agora está acontencendo na vella Europa é un axuste económico ke está a pagar a clase media (non digo a clase baixa, é dicir xs pobres, xa que ken nada tiña antes, nada ten agora). Esta clase media ke nos anos anteriores a este axuste económico non duvidaron nin un instante en endevedarse cos bankos para ter un cochazo novo, ou un pedazo de piso-chalé a un custo desorbitado. Estas xentes están a pagar a súa avaricia e o seu amor cego aos bancos e poderosos.

Máis nestas líneas non vou negar o impacto socio-económico deste axuste ou recesión económica. Os datos están ahí: actualmente no Estado Espanhol ha un 20% da poboación parada (eso sen contar xs que non figuramos nas listas do paro, nin cotizando na seguridade social) É dicir, podemos falar de ke entre un cuarto e un tercio da poboación do estado está sen traballo, e muita desta xente non cobra xa prestación social algunha.

¿Ké facer ante esta situación? ¿Esperar a ke mamá estado e papá capitalismo veñan na nosa axuda? (algo moi improbable) ¿ou tomar as riendas das nosas vidas e buscar solucións kreando autonomía ao marxe das institucións e empresas privadas? Persoalmente prefiro a segunda opción xa ke as solucións, como as meigas, habelas hailas, mais primeiro hai ke darse conta de ke o modelo capitalista ten ke desaparecer e, polo tanto, tamén teñen ke desaparecer os soños



da clase media de autos novos e casas ke te kagas. Hai ke buscar un ekilibrio entre estar sen teito e sen comida e ter un nivel de vida de película.

Nos komo individualidades anarkistas, non podemos agardar sentados a ke os problemas se arranxen solos. Temos ke tomar o control das nosas vidas e crear alternativas libertarias ke nos permitan dunha vez ser suxeitos autónomos deste modelo ekonómico, esté en crise ou non.

Non se trata de buscar novos camiños en tempo de crise,

LO CRISE,
CAPITALISMO

senón de romper dunha vez por todas co modelo de alienación do individuo por parte do traballo asalariado. Non keremos traballar para un patrón nin en tempos de bonanza económica, cando nos podían pagar 2000 euros ao mes, nin en tempo de suposta crise cobrando 800 pavos ao mes. Sinceiramente senón debemos traballar para un/unha xefe/a tampouko precisamos de sindikalistas-funcionarios-burócratas (sexan da cor ke sexan) ke forman parte desta alienación do traballo asalariado.

